

Anticonceptivo inyectábel trimestral de proxestáxeno soio

É un método reversíbel, seguro para a saúde e moi eficaz, composto por unha soia hormona similar á proxesterona natural que producen os ovarios (proxestáxeno).

A súa eficacia baséase na supresión da ovulación e no espesamento do tapón de moco do colo do útero.

Normas de uso:

- A primeira dose:
 - mulleres sen anticonceptivos hormonais: nos cinco primeiros días do ciclo (o primeiro día do ciclo e o primeiro día da regra).
 - mulleres que usan outro método hormonal: en calquer intre.
- As seguintes doses: ós 90 días da anterior, cunha marxe de seguridade de 15 días de atraso.

Mudanzas do patrón de sangrado.

A acción continuada (sen descansos) non provoca unha regra artificial periódica. Os sangrados con este tratamento, case sempre escasos, poden ser mensuais, poden non ter ritmo, ou mesmo non producirse, tanto ten. Iste “patrón” de sangrados varía dunha muller a outra, por iso cómpre probar varios meses para coñecelo en cada caso, e así avaliar se resulta cómodo ou non. Adoitan ser máis irregulares nos primeiros mese, para estabilizarse despois, con tendencia a non sangrar ou facelo de cando en vez.

Fertilidade posterior ó tratamento (reversibilidade).

A maioría das usuarias recuperarán a fertilidade (ovulación) previa ó cabo dos tres meses de efecto da última dose, de xeito inmediato. Haberá unha minoría que tarde algún mes máis en ovular, porque a inxección faille efecto por máis de tres meses, depende de cada muller e do tempo de uso; pero malia o atraso, recuperarán por completo a fertilidade previa.

Situacións especiais		
Situacións	Risco de Fallo	Actuación
Retraso na primeira dose: despois do 5º día do ciclo	Si	Consultar no Centro.
Retraso nalgunha das seguintes: máis de 15 días.	Si	Consultar no Centro.
Toma de medicamentos.	Non	---